

// O galego no mundo

A lingua galega descende do romance galego-portugués (lingua de orixe latina), esta tivo case 700 anos de existencia oficial e plena. En Europa a lírica galego-portuguesa foi xunto coa lírica occitana a máis importante representación literaria da Idade Media. Será a finais do século XIV-principios do XV, cando Portugal segue co uso desta lingua como oficial e en Galiza comeza a imposición do castelán. A comprensión entre falantes destas dúas linguas é moi alta. Falamos da lusofonía ou galaicofonía para referirnos ás comunidades de falantes destas linguas (Portugal, Brasil, Galiza, Angola, Mozambique...), que suman arredor de 210 millóns de falantes no mundo.

En Galiza o galego é lingua propia e oficial da Comunidade como se recolle no Estatuto de Autonomía de 1981, baseado na Constitución.

O 99% dos habitantes de Galiza entende o galego e o seu uso é maioritario fronte ao doutras linguas. É lingua da Administración e de importantes institucións como as universidades, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega... (estas últimas cun incansable labor potenciador da lingua galega). A cultura en galego continúa a medrar e son moitos os autores literarios, grupos musicais e creadores de todo tipo cun grande éxito que teñen o galego como a súa lingua de expresión. No eido da economía, numerosos estudos avalan que o uso do galego por parte das empresas e o feito de realizaren a súa publicidade en galego mellora notablemente os seus resultados.

No mundo, o galego é lingua de estudo en máis de 50 universidades en países como Alemaña, Australia, EUA, Cuba... Tamén é a lingua da grande comunidade galega no exterior, froito das grandes correntes migratorias que sufriu (cara a Alemaña, Suíza, Arxentina, Uruguai, Cuba...). É cada vez maior o número de estudanteo universitario estranxeiro que a aprende e a vén aprender.

Fóra das fronteiras administrativas de Galicia, fábase na franxa de Castela e León e Asturias, limítrofe coa nosa comunidade, e en tres concellos de Estremadura.

// Sabías que...

- Das máis de 6000 linguas faladas no mundo, o galego ocupa o posto 160 con maior número de falantes?
- Na Idade Media a realeza e a nobreza se expresaban en galego?
- Na Universidade de Vigo hai un Centro de Linguas?
- Nun concurso televisivo no Xapón de cancións de debuxos animados un rapaz gañou cantando en galego o tema principal da serie AS bólas do dragón?
- Os topónimos (nomes de lugar) teñen o seu porqué? Vigo significa aldea Pontevedra, ponte vella Bouzas é terreo sen cultivar con matos Teixugueira recorda o lugar onde había teixugos Salgueira, lugar no que abundaban os salgueiros Bembrive, onde se vive ben Cesteiros, recórdanos o asentamento de quen tiña ese oficio

· O galego é semellante a outras linguas que tamén veñen do latín?

Galego	Italiano	Francés	Catalán	Romanés
lua	luna	lune	lluna	lună
herba	erba	herbe	herba	iarbă
corda	corda	corde	cord	coardă
vento	vento	vent	ven	vânt

engalego*taménoutrosmundos

*tamén
mapadaslinguasdomundo



reverso

// Linguas do mundo

Hoxe en día, a maioría dos estudos falan de que no mundo hai máis de 6000 linguas. Se temos en conta que no mundo hai aproximadamente 198 estados, tocamos a 30 linguas por estado. Estamos a falar de que vivimos nun mundo plurilingüe onde en case todos os países conviven máis dunha lingua.

As linguas do mundo agrúpanse en familias, dependendo de se a súa orixe é a mesma. Por exemplo, o latín é a lingua de orixe do galego, catalán, romanés e castelán entre outras, é dicir pertencen á mesma familia lingüística, a das linguas romances ou románicas. No mapa da esquerda damos conta destas familias e das linguas que abranguen cada unha.

As linguas son o vehículo da comunicación e da cohesión social, un sinal de identidade que cada comunidade elabora ao longo da súa propia historia. Segundo a UNESCO a metade das linguas do mundo atópanse en perigo: a desaparición dunha lingua leva consigo a perda da cultura que proxecta.

A comunidade internacional está a dar pasos para que estas linguas que están en perigo teñan unha protección: a ONU coa Declaración universal dos dereitos humanos, a Unión Europea coa Carta das linguas rexionais ou minoritarias lexislan a prol das linguas con saúde máis feble.



Afroasiática	Amerindia – 600
Béber – 25	Australiana – 264
Chadiana – 195	Austronésica
Cuxítica – 45	Austronésica – 1257
Semítica – 108	Caucásica – 15
Altaica	Drávida – 85
Coreana – 1	Esquimo-aleutana – 1
Mongola – 14	
Tungú – 12	
Turca – 40	
Xaponesa – 12	

Indoeuropea	Éuscara – 1
Albanesa – 4	Khoisan – 27
Armenia – 1	Nilo-sahariana – 205
Báltica – 3	Nixer-Congo – 1532
Celta – 7	Paleosiberiana – 4
Eslavo – 18	Papúa – 832
Grega – 6	Sino-tibetana
Indoaria – 223	Chinés – 14
Irania – 87	Tibeto-birmanesa – 435
Románica – 42	Tai-Kadai – 92
Xermánica – 48	Urálica – 37